

ÍNDICE

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.-COMPETENCIAS CLAVE

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

1.-Estándares de aprendizaxe.

- 1** Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
-

LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º

- 2 Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
- 3 Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- 4 Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
- 5 Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
- 6 Participa no traballo en pequeno grupo.
- 7 Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.
- 8 Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.
- 9 Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- 10 Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
- 11 Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- 12 Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.
- 13 Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.
- 14 Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
- 15 Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- 16 Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.
- 17 Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
- 18 Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
- 19 Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
- 20 Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...
- 21 Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
- 22 Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.
- 23 Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- 24 Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- 25 Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
- 26 Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
- 27 Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
- 28 Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
- 29 Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros

- con coidado, devolvéndoos ao seu sitio logo de lelos.
- 30** Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.
- 31** Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
- 32** Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.
- 33** Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
- 34** Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
- 35** Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
- 36** Usa o punto nos seus escritos.
- 37** Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- 38** Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.
- 39** Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.
- 40** Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
- 41** Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
- 42** Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.
- 43** Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
- 44** Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- 45** Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
- 46** Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas
- 47** Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- 48** Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- 49** Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- 50** Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- 51** Recoñece a relación entre son e grafía.
- 52** Separa as palabras que conforman un enunciado.
- 53** Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
- 54** Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
- 55** Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- 56** Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

- 57 Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
- 58 Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.
- 59 Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- 60 Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

2.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación

1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.
3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.
4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.
5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.
7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.
8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.

9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.
10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.
11. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.
12. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.
13. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.
14. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.
15. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
16. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
17. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.
18. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.
19. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
20. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
21. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
22. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.
23. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
24. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
25. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.

- 26.Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
- 27.Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.
- 28.Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.
- 29.Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
- 30.Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos.
- 31.Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- 32.Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz.En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% -nota da 1º Avaliación

40% - nota da 2º Avaliación

20%% - traballo realizado polos alumnos.

Valorando:

- O traballo na casa

3.-COMPETENCIAS CLAVE

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Considéranse, pois, como coñecemento na

práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	Competencias sociais e cívicas. (CSC)
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Competencia para aprender a aprender. (CAA) Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencias sociais e cívicas. (CSC)
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.	Competencias sociais e cívicas. (CSC)
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.	Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT) Competencias sociais e cívicas. (CSC) Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)
i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.	Competencia dixital. (CD)
l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.	Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)
m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar as linguas galega e castelá e as súas literaturas como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT) Competencias sociais e cívicas. (CSC)

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.	Competencias sociais e cívicas. (CSC)
o) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.	Competencias sociais e cívicas. (CSC)
p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.	Competencias sociais e cívicas. (CSC) Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A lingua constitúe unha ferramenta fundamental para que o ser humano poida articular o seu propio pensamento, comprender e representar a realidade, adquirir novos coñecementos e comunicarse cos demais.

O seu correcto coñecemento e dominio por parte do alumnado é un dos principais obxectivos do sistema educativo. O currículo de Educación Primaria emanado da Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) establece que a área de Lingua Castelá e Literatura na Educación Primaria ten como finalidade «o desenvolvemento das destrezas básicas» no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada», ao tempo que

busca facer dos alumnos lectores competentes, capaces de apreciar e gozar co feito literario.

Entendemos a metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados potenciando o desenvolvemento das competencias clave desde unha perspectiva transversal

A metodoloxía didáctica deberá guiar os procesos de ensino-aprendizaxe de cada área, e dará resposta a propostas pedagóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, empregaranse métodos que, partindo da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, se axusten ao nivel competencial inicial deste e teñan en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A xeito de síntese, como principios metodolóxicos da Educación Primaria poderíamos sinalar:

- A aprendizaxe significativa a través dun ensino para a comprensión e unha estimulación dos procesos de pensamento. Promover un ensino para a comprensión que fomente o desenvolvemento dun pensamento eficaz, crítico e creativo. Ensinar a pensar desenvolvendo destrezas e hábitos mentais, a través de todas as áreas, e posibilitando o desenvolvemento dun pensamento eficiente transferible a todos os ámbitos da vida e acorde cunha aprendizaxe competencial. Como se verá máis adiante, farase visible en actividades que poñen en xogo o pensamento a través de organizadores visuais, procesos cognitivos ou procedementos de autoavaliación.
- A aplicación do aprendido en diferentes contextos reais ou simulados, mostrando a súa funcionalidade e contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave. A realización de tarefas e actividades que leven consigo a aplicación do aprendido en diferentes contextos reais ou simulados contribúe ao desenvolvemento das competencias clave e dá maior sentido a moitas das aprendizaxes. Verémolo máis adiante baixo a denominación de «Retos».
- A aprendizaxe por descubrimento como vía fundamental de aprendizaxe. Sempre que sexa posible, a aprendizaxe debe dar resposta a cuestións que considerou o alumnado e implicar un proceso de investigación ou resolución; para o cal resultan idóneos os proxectos de traballo e as tarefas competenciais, entre outros. Os «Retos» comentados anteriormente contribuirán a facer visible este principio.
- O fomento do compromiso do alumnado coa súa aprendizaxe. Para iso promoverase a motivación intrínseca do alumnado, vinculada á

responsabilidade, autonomía e ao desexo de aprender. Todas as claves nas que se fundamenta este proxecto, como se verá máis adiante, darán fiel resposta a este principio.

- A concreción da interrelación das aprendizaxes tanto en cada área coma de carácter interdisciplinar. Para iso, é especialmente aconsellable a aplicación dunha metodoloxía baseada nos centros de interese, os proxectos, os talleres ou as tarefas competenciais. Este principio responde á necesidade de vincular a escola coa vida. Para iso propónse o «Reto» de cada un dos temas como proxecto de traballo, deseñadas cun carácter potencialmente interdisciplinar.
- A preparación para a resolución de problemas da vida cotiá como elemento motivador para a aprendizaxe. Require un adestramento na busca reflexiva e creativa de camiños e solucións ante dificultades que non sempre teñen unha solución simple ou obvia. As habilidades relacionadas coa resolución de problemas relaciónanse coa planificación e o razoamento, pero tamén coa adaptación a novas situacións, a intuición, a capacidade de aprender dos erros e de atreverse a probar, co desenvolvemento do pensamento reflexivo, crítico e creativo, e co emprendemento. Este principio fundamenta a incorporación dunha ampla gama de procesos cognitivos nas actividades que se lle van formular ao alumnado en cada un dos temas.
- O fomento da creatividade a través de tarefas e actividades abertas que supoñan un reto para o alumnado en todas as áreas. O alumnado debe comprender que o coñecemento está inacabado e que é posible explorar outras posibilidades, o que supón perder o medo a cometer erros na busca e reflexionar sobre o valor das súas propostas. O «Reto» poñerá en xogo esta creatividade, así como aquelas actividades que teñan que ver coa creación, a imaxinación e o emprendemento.
- Fomentar a autonomía nas aprendizaxes que leva consigo o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender como elemento fundamental para a aprendizaxe ao longo da vida. Require incluír no currículo e na práctica educativa aspectos como o autocoñecemento, as estratexias de aprendizaxe e a súa autorregulación, o traballo en equipo e os procesos de autoavaliación. Como veremos máis adiante, en cada tema reflexionarase sobre «Como aprendín?». Ademais, vanse poñer en xogo actividades de corte cooperativo.
- A inclusión das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) como recurso didáctico do profesorado, pero tamén como medio para que o alumnado explore as súas posibilidades para aprender, comunicarse e realizar as súas propias achegas e creacións utilizando diversas linguaxes. Este uso das TIC evidenciarase en cada tema de diversas formas, favorecendo que o alumnado se vaia creando o seu propio ámbito persoal de aprendizaxe.
- Lograr un bo clima de aula que permita ao alumnado centrarse na aprendizaxe e o axude no seu proceso de educación emocional. Este clima depende especialmente da claridade e consistencia das normas e da calidade das relacións persoais. Para iso terase moi presente que hai que axudar o alumnado a desenvolver e fortalecer os principios e valores que fomentan a igualdade e favorecen a convivencia, desde a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes, así como a non violencia en todos os ámbitos. Este principio e os dous seguintes, como veremos máis adiante,

estarán presentes de xeito explícito en actividades que requiren unha toma de conciencia das emocións en si mesmos e nas demais persoas, así como en actividades cooperativas onde o alumnado aprenderá das achegas que lles faga ás súas compañeiras e compañeiros, e das que reciba.

- A atención á diversidade do alumnado como elemento central das decisións metodolóxicas que leva consigo realizar accións para coñecer as características de cada alumno ou alumna e axustarse a elas.
- A combinación de diversos agrupamentos, valorando a titoría entre iguais e a aprendizaxe cooperativa como medios para favorecer a atención de calidade a todo o alumnado e a educación en valores. Iso debe reverter nunha mellor valoración por parte do alumnado da diversidade da aula e unha mellor capacidade para traballar con todos os compañeiros e compañeiras.

A presente proposta didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura do **1º curso de Educación Primaria** parte dos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e as orientacións de metodoloxía didáctica definidos no currículo da etapa. Esta proposta articúlase en torno aos seguintes eixes:

A aprendizaxe da lectoescritura.

O método de lectoescritura no que se basea a proposta é de carácter mixto. Este recolle tanto as achegas dos modelos analíticos como dos sintéticos. O ensino da lectoescritura parte da comprensión por parte do alumno do sentido global de palabras, frases ou textos sinxelos para posteriormente pasar a dividilos en unidades menores. Faise fincapé no desenvolvemento da conciencia fonolóxica por parte do alumno.

Proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura

Nos primeiros niveis de Primaria, o neno posúe un pensamento sincrético (non concreto) que se caracteriza por manexar os aspectos particulares dos conceptos, en lugar das propiedades xerais que os definen. Para aumentar o vocabulario é fundamental que os nosos alumnos lean. Un dos compoñentes diferenciadores dos actuais métodos de lectura é que sexa comprensiva para o neno/a e non mecánica, isto é que lle dea un significado dende o principio. Para iso teranse en conta as seguintes formulacións:

- ✓ Traballo sobre textos suxestivos e variados, seleccionados segundo o desenvolvemento madurativo e lingüístico do alumnado.

- ✓ Desenvolvemento dun programa sistemático de comprensión lectora, no que se tratan todas as estratexias necesarias para unha lectura eficaz.
- ✓ Carácter práctico e enfoque competencial das tarefas que as aprendizaxes lingüísticas (gramaticais, ortográficos) se aproximan á realidade dos alumnos e estean ao servizo da competencia comunicativa.
- ✓ Planificación de programas específicos para o desenvolvemento da expresión oral e a expresión escrita, a partir de modelos textuais en diferentes soportes.
- ✓ Proxecto flexible que permita a adaptación aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- ✓ Formulación de actividades con diferentes niveis de dificultade, actividades para a excelencia, que permiten desenvolver a creatividade, etc.

A lectura e a escritura de textos.

O desenvolvemento da competencia lectora e escritora do alumno é unha das metas máis importantes do 1º curso de Educación Primaria. Así, cada unidade comeza cun texto narrativo que foi redactado por un autor de Literatura Infantil e Xuvenil atendendo ao desenvolvemento cognitivo do alumnado e no que se transmiten valores axeitados para o seu desenvolvemento individual e para a súa convivencia cos demais. Ademais, as unidades inclúen outras tipoloxías de texto coa finalidade de iniciar o alumno na súa lectura e composición escrita.

A comprensión lectora.

Concibida como unha dimensión in-separable da experiencia lectora, buscouse complementar a lectura dos textos iniciais das unidades con actividades que fagan que os alumnos desenvolvan diversas habilidades e estratexias de comprensión lectora.

A comprensión e expresión oral.

Atendendo á importancia da dimensión oral da competencia comunicativa, incluíuse nas unidades unha sección específica para o seu desenvolvemento na aula. As actividades que nela se propoñen enmárcanse en

situacións comunicativas próximas ás experiencias do alumnado. Ao mesmo tempo, para reforzar esta capacidade, as unidades incorporan de xeito transversal actividades de carácter oral ao longo das súas distintas seccións.

A reflexión lingüística.

O coñecemento lingüístico constitúe un elemento esencial da competencia comunicativa. Por iso, abórdase o estudo das regras gramaticais, ortográficas e léxicas dun xeito integrado e cunha clara orientación cara á aplicación dos saberes lingüísticos adquiridos en situacións comunicativas.

As competencias clave.

A adquisición por parte do alumnado das competencias básicas constitúe outra das liñas fundamentais da presente proposta. Esta realízase dende unha formulación integradora e funcional, coa finalidade de que os contidos da área de Lingua Castelá e Literatura contribúan ao desenvolvemento das distintas competencias definidas polo actual currículo escolar como básicas ou clave.

A aplicación das TIC.

A sociedade e a educación do século XXI non se poden entender xa sen as TIC. Ante esta realidade, este proxecto incorpora de xeito transversal a súa utilización nos procesos de ensino-aprendizaxe co obxectivo de que o alumno adquira os coñecementos e as habilidades necesarios para empregalas de forma eficaz e responsable, tanto na aula como fóra dela.

Finalmente, cabe engadir que esta Proposta didáctica se fundamenta nos seguintes principios da metodoloxía de ensino-aprendizaxe.

- ✓ **A motivación do alumnado.** A necesidade de que o alumno adopte un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe satisfáise a través dunha proposta que intenta converter o aprendizaxe nunha experiencia motivadora.
- ✓ **O enfoque funcional da lingua.** Desde unha perspectiva funcional e pragmática, abórdase o estudo da lingua tendo como obxectivo facer dos alumnos individuos capaces de comunicarse

de maneira adecuada e eficaz cando interactúen cos demais, xa sexa no ámbito familiar, académico ou social.

- ✓ **O rol do alumno.** O éxito da educación radica, en gran medida, en converter o alumno no verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, ao mesmo tempo que o docente actúa de facilitador e mediador desta. Para iso, búscase motivar o alumnado con contidos e actividades enmarcados en situacións próximas á súa experiencia, que poñan en evidencia a utilidade das aprendizaxes que este realice
- ✓ **A axeitada selección e secuenciación de contidos.** Pretendemos que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.
- ✓ **A aprendizaxe significativa.** A aprendizaxe do alumnado fórmase a partir dos coñecementos e das experiencias previas que este xa posúe, para ir construíndo os novos conceptos.
- ✓ **O ensino será activo e centrado no alumno.** Entendido nun dobre sentido: por unha parte como modo de que os alumnos realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establécense estratexias que levan a unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motóricos e cognitivos.
- ✓ **O progreso e o reforzo das aprendizaxes.** Os contidos e as actividades aparecerán secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de compasar de xeito axeitado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos. Así mesmo introducíronse actividades destinadas a que os alumnos poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- ✓ **A innovación educativa.** Nos últimos anos, a investigación no campo da didáctica achegou novos enfoques que buscan superar as limitacións do modelo tradicional educativo. A presente proposta integra varias destas achegas —por exemplo, a teoría das intelixencias múltiples ou as estratexias de aprendizaxe cooperativa—, coa finalidade de enriquecer a experiencia

educativa que se desenvolve na aula e mellorar os resultados académicos do alumnado.

- ✓ **A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos.** O profesorado contará cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos. Entre estes, cabe destacar, ademais do Libro do alumno e a Proposta didáctica, os murais, os cadernos dos alumnos e o Libro dixital, que inclúe un xerador de avaliación, material para Atención á diversidade e actividades interactivas.

ACTIVIDADES TIPO

Levaremos a cabo diferentes tipos de actividades que poñan en funcionamento capacidades de acción-reflexión dos alumnos por iso as súas características serán:

- Motivadoras, coeducadoras, gratificantes, útiles.
- Cércanas a realidade e características dos alumnos.
- Creativas.
- Actividades individuais e grupais.
- Flexibles na súa realización.

As actividades son de ampliación e reforzo dos contidos que demos ata o de agora. Entre as actividades propostas están:

Reforzo do primeiro e segundo trimestre de **Lingua** e webs que permiten repasar as asignaturas a través de xogos ou actividades dixitais.

Letura de Textos sinxelos e vocabulario fácil co seu debuxo

Durante o día poden resolver dúbidas a través do correo proporcionado.

Como titora da clase de 1º A, todas estas accións están realizadas en coordinación cos demais profesores que imparten outras asignaturas na aula, como Educación artística, Physical education and English.

5.-INFORMACIÓN ALUMNOS EN ESTADO DE ALARMA

A aula de 1ºA, decidíu comunicarse cos seus alumnos a través dunha conta correo Google a través da cal semanalmente envíaselle aos alumnos unha serie de fichas para que poidan traballar durante estes días de confinamento. As fichas farannas 1 de cada asignatura ao día.